

## **PROGRAMA QUÉROTE+ NO IES MONTECELO**

### **I. Sinopse**

Durante o curso 2019/20 o IES Montecelo incorpórase un ano máis ao Plan Proxecta a través do programa Quérote+, coa fin de formar ao alumnado de 1º de FP Básica en materia de educación afectivo-sexual. O programa desenvólvese dentro do módulo de Comunicación e Sociedade participando do seu horario lectivo, e será impartido polo profesorado que conforma o departamento: Andrea Estévez Barreiro, Melchor Roel López e María Pose Méndez, coordinadora do programa no centro. Contamos tamén co apoio do Departamento de Orientación a través da orientadora do centro, Mar Gómez.

A formación afectivo-sexual dentro dos centros educativos é esencial no camiño cara unha sociedade avanzada baseada no respecto ao outro, e tamén é importante a nivel individual, axudando a vivir unha vida plena na que saibamos disfrutar e coñecer as posibilidades que nos ofrecen a nosa mente e o noso corpo de desbotando prexuízos construídos entorno ao coidado e disfrute do corpo. Neste sentido, o achegamento dos contidos do programa Quérote+ ao perfil de alumnado da FP Básica implica a dotación de ferramentas para o desenvolvemento de cidadanía en contextos non sempre favorables, incidindo na igualdade entre sexos e no respecto á diversidade.

### **II. Consecución dos obxectivos**

Os obxectivos a acadar establecidos tras o desenvolvemento do programa son os seguintes:

- Aportar información de calidade ao alumnado sobre sexualidade
- Promover a igualdade entre os sexos
- Achegar ao alumnado a realidade do colectivo LGTBI
- Proporcionar ferramentas para o autoconñecemento afectivo-sexual
- Integrar a diversidade afectivo sexual no contexto do centro
- Previr o acoso escolar

- Analizar as causas e consecuencias da violencia machista
- Dar a coñecer os métodos anticonceptivos existentes
- Visibilizar as diferencias de orientación sexual no contexto do centro
- Construir opinións críticas en materia de afectivo-sexual

Tras a avaliación do alumnado podemos afirmar que se traballaron a totalidade dos obxectivos propostos, aínda que non todos se traballaron coa profundidade desexada debido ao transcurso da terceira avaliación e parte da segunda en circunstancias de confinamento, co que se limitou a participación conxunta do alumnado, unha das ferramentas principais para a consecución de moitos dos obxectivos propostos.

### **III. Organización, desenvolvemento e metodoloxía**

O IES Montecelo presenta catro liñas de FP básica distribuídas en catro especialidades: Artes Gráficas, Peiteado e estética, Agroxardinería e Composicións florais e Automoción e Mantemento de vehículos. Cada un dos grupos presenta características propias dadas polo perfil do alumnado que accede ao grupo, polo que varían en canto a diversidade e intereses. Por poñer un exemplo, o grupo de Automoción normalmente está composto só por persoas de sexo masculino, co que os contidos do programa se poden adaptar incidindo en certos aspectos.

O alumnado ao que vai destinado o programa pertence a un contexto socioeconómico medio ou medio-baixo, e o seu número varía de 16 a 18 membros por grupo, existindo unha porcentaxe variable de alumnado con necesidades educativas especiais, co que a atención á diversidade se convirte en esencial á hora de presentar tanto os contidos do programa como outro tipo de material. O desenvolvemento do programa Quérote+ participa deste plantexamento. Detectáronse ademais diversos niveis de coñecemento en materia afectivo-sexual, aos que tivemos que adaptar os contidos presentados, tras o establecemento de criterios a partir dunha avaliación inicial.

Como mencionamos na introducción a esta memoria, os contidos do programa impártense dentro do horario do módulo Comunicación e Sociedade I polo profesorado do departamento, contando co apoio do Departamento de Orientación.

Os grupos correspondentes a cada docente son os seguintes:

Andrea Estévez Barreiro: 1º FPB Artes Gráficas

Melchor Roel López: 1º FPB Peiteado e Estética

María Pose Méndez: 1º FPB Automoción e Mantemento de Vehículos, 1º FPB Agroxardinería e Composicións Florais

Mar Gómez: Titorías presenciais de tódolos cursos.

Cada profesora implicada desenvolveu o material de xeito autónomo adaptándose ás características propias do grupo, reservando as sesións dentro da súa materia á presentación de contidos do programa. En cada reunión de departamento realizouse unha posta en común dos obxectivos acadados e unha proposta de actividades comúns

O programa desenvolveuse con normalidade ata a declaración de estado de alarma o 13 de marzo de 2020. Ata ese momento, traballáronse os contidos detallados no apartado seguinte no que se presenta o traballo realizado por cada un dos membros do equipo.

Tras a declaración do estado de alarma, dada a organización xeral do centro e dependendo das mencionadas particularidades de cada un dos grupos, levamos a cabo unha adaptación do material ás novas circunstancias. Os contidos impartidos durante o período de confinamento presentáronse a través da plataforma Agueiro. A través deste enlace é posible acceder aos mesmos:

<https://agueiro.xunta.gal/view/view.php?t=iEow8eAd05zL67VDFPGc>

En canto á metodoloxía, seguimos a metodoloxía proposta en cada unha das fichas do programa facendo uso dos recursos propostos. Destacamos como actividades comúns a organización de un concurso de cartaces sobre diversidade por parte do profesor Melchor Roel, aberto a tódolos grupos. Os resultados foron expostos en espazos comúns do centro.

## **IV. Avaliación**

As sesións adicadas ao programa fundaméntanse principalmente no carácter participativo das mesmas, polo que a observación directa como instrumento de avaliación xogou un papel esencial. Outros instrumentos de avaliación foron os cuestionarios sobre os

contidos presentados ou a elaboración de cartaces para o concurso. En canto ao material adaptado durante o confinamento, a avaliación realizarase a través das actividades propostas (elaboración de cuestionarios e reflexións por escrito).

Como conclusión podemos afirmar que tras a análise dos resultados de avaliación, conseguimos acadar os obxectivos propostos. A presentación de contidos de carácter afectivo-sexual resulta necesaria no contexto do centro e pensamos que mediante o desenvolvemento do programa aportamos recursos moi valiosos para o desenvolvemento persoal do alumnado.

## **V. Listaxe de profesorado participante e tarefas realizadas por cadaquén.**

Andrea Estévez Barreiro: 1º FPB Artes Gráficas

- De xeito presencial ata a ficha 5. As fichas 6-7 desenvólvense en liña a través de contidos presentados na plataforma Agueiro.
- Actividades en liña a partir de marzo: visionado da película "Triste San Valentín"; organización dunha charla participativa con Alba Gallego, educadora social do concello de El Ejido a través de Zoom "Afectividade e tecnoloxía en tempos de pandemia".

Melchor Roel López: 1º FPB Peiteado e Estética

- De xeito presencial ata a ficha 5. As fichas 6-7 desenvólvense en liña a través de contidos presentados na plataforma Agueiro.
- Organiza un concurso de cartaces sobre igualdade.

María Pose Méndez: 1º FPB Automoción e Mantemento de Vehículos, 1º FPB Agroxardinería e Composicións Florais

- Coordinación do programa no centro.
- De xeito presencial ata a ficha 4. As fichas 5-7 desenvólvense en liña a través de contidos presentados na plataforma Agueiro.

Mar Gómez: Titorías de tódolos cursos

- Reforzo dos contidos do Programa durante as horas de titoría presencial.

- .- Organización dun ciclo de obradoiros para favorecer o desenvolvemento afectivo sexual a cargo da cooperativa "Atixega"; dirixidos ao alumnado de 1º curso de FP Básica .
- .- Organización de charlas-coloquio cunha vítima de violencia de xénero; dirixidas a alumnado de 2º curso de FP Básica.
- .- Organización de charla-coloquio con membro da asociación LGTBI; dirixida a alumnado de ciclos medios e superiores (non se puido realizar pola suspensión das clases).

## VI. Observacións

As actividades do programa Quérote+ tiveron moi boa acollida entre o alumnado. A medida que presentamos os contidos démonos conta do nivel de carancia de formación e información en materia afectivo-sexual e a existencia de ideas baseadas en tópicos e prexuízos que modelan a mentalidade dos alumnado nunha etapa tan determinante como é a adolescenciañ

En xeral o alumnado acolleu con curiosidade e emoción o desenvolvemento do programa acadando un alto grao de participación e implicación.

Completáronse tódalas actividades propostas no programa a excepción da ficha 8, cuxa proposta implicaba o feito de impartir a clase polo alumnado, tal e como figuraba no modelo de adaptación ao ensino virtual aportado polo programa.

## VII. Bibliografía

Tal e como afirmamos cando nos referimos á metodoloxía utilizada, a bibliografía utilizada limitouse á proposta nas fichas aportadas polo programa Quérote+. Pensamos que a documentación recibida posúe variedade de recursos de calidade adaptados ao desenvolvemento dos contidos. En cada sesión fíxose unha selección de recursos adaptada ás circunstancias concretas de cada grupo.

**IMAXES DO CONCURSO DE CARTACES SOBRE IGUALDADE**









